

# Inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado 2019/2020

RESUMO EXECUTIVO

Observatorio de Persoas Tituladas  

---

Universidade de Vigo



**Consello Social**  
*Universidade de Vigo*

## **Edita**

Consello Social – Universidade de Vigo

## **Dirección**

Luis Espada Recarey  
*Profesor Emérito*

## **Análise de datos**

Víctor Manuel Martínez Cacharrón  
*Enxeñeiro Industrial*

## **Colaboración**

Natalia Caparrini Marín  
*Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade*

Unidade de Análises e Programas (UAP)

Observatorio de Persoas Tituladas

Universidade de Vigo

Campus Universitario das Lagoas-Marcosende

Edificio Fundación

36310 Vigo

Tlf: 986 812 192

Correo-e: [observatorio.egresados@uvigo.gal](mailto:observatorio.egresados@uvigo.gal)

Páxina Web: <http://observatorio.uvigo.gal/>

*Este documento é propiedade do Consello Social da UVigo.*

*Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se citar o seu título e ao Consello Social como editora.*

## Índice

Introdución .....	3
Obxectivos.....	4
1. Obxectivo principal.....	4
2. Obxectivos específicos .....	4
Datos técnicos.....	5
Resultados.....	7
1. Datos persoais .....	7
1.1 Sexo .....	7
1.2 Lugar de residencia actual.....	7
2 Datos académicos.....	9
2.1 Ramas de coñecemento .....	9
2.1.1 Rama de coñecemento segundo o sexo .....	9
2.1.2 Estudos de mestrado realizados segundo o sexo .....	9
2.2 Motivacións para realizar o mestrado.....	9
2.2.1 Motivacións segundo a rama de coñecemento.....	10
3. Situación laboral anterior á realización do mestrado .....	11
3.1 Experiencia laboral previa á realización do mestrado.....	11
3.1.1 Experiencia laboral previa segundo a rama de coñecemento .....	11
3.1.2 Experiencia laboral previa segundo os estudos de mestrado .....	11
3.2 Actividade laboral na altura de iniciar os estudos de mestrado.....	11
3.2.1 Situación laboral na altura de iniciar o mestrado segundo a rama de coñecemento .....	12
3.2.2 Situación laboral na altura de iniciar o mestrado segundo os estudos realizados .....	12
4. Situación actual.....	13
4.1 Situación do mercado de traballo .....	13
4.1.1 Situación do mercado de traballo segundo o lugar de residencia.....	13
4.1.2 Situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento .....	13
4.1.3 Situación do mercado de traballo segundo os estudos de mestrado.....	13
4.2 Cursa estudos universitarios .....	14
4.2.1 Tipo de estudos universitarios que cursa .....	14
4.3 Prepara oposicións .....	14
5. Procura de emprego.....	15
5.1 Tempo de procura de emprego.....	15
5.1.1 Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento .....	15
5.1.2 Tempo de procura de emprego segundo os estudos de mestrado .....	15
5.2 Tempo en atopar emprego .....	15
5.2.1 Tempo en atopar emprego segundo a rama de coñecemento .....	16
5.2.2 Tempo en atopar emprego segundo os estudos de mestrado.....	16
6. Emprego actual .....	17

6.1 Lugar do traballo .....	17
6.1.1 Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento .....	17
6.1.2 Lugar do traballo segundo os estudos de mestrado.....	17
6.2 Modalidade de contratación .....	18
6.2.1 Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo .....	18
6.2.2 Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento .....	18
6.2.3 Modalidade de contratación segundo os estudos de mestrado .....	18
6.3 Tipo de contrato.....	19
6.3.1 Tipo de contrato segundo o lugar do traballo .....	19
6.3.2 Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento.....	19
6.3.3 Tipo de contrato segundo os estudos de mestrado .....	19
6.4 Categoría profesional.....	20
6.4.1 Categoría profesional segundo a rama de coñecemento.....	20
6.4.2 Categoría profesional segundo os estudos de mestrado .....	20
<b>7. Valoración do traballo .....</b>	<b>21</b>
7.1 Relación entre o traballo actual e os estudos realizados .....	21
7.1.1 Relación entre o traballo actual e os estudos realizados segundo a rama de coñecemento ...	21
7.1.2 Adecuación temática do traballo actual segundo os estudos de mestrado .....	21
7.2 Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo .....	22
7.2.1 Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a rama de coñecemento .....	22
7.2.2 Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo segundo os estudos de mestrado.....	22
<b>8. Satisfacción co itinerario académico .....</b>	<b>23</b>
8.1 Nivel de satisfacción global cos estudos de mestrado realizados na UVigo no curso 2019/2020.....	23
8.1.1 Nivel de satisfacción cos estudos de mestrado realizados segundo a rama de coñecemento	23
8.1.2 Nivel de satisfacción cos estudos de mestrado realizados .....	23
8.2 Recomendaría os estudos de mestrado realizados na UVigo.....	24
8.2.1 Recomendaría a realización dos estudos de mestrado na UVigo segundo a rama de coñecemento .....	24
8.2.2 Recomendaría os estudos de mestrado realizados na UVigo segundo os estudos realizados.	24
<b>BIBLIOGRAFÍA .....</b>	<b>25</b>
<b>ANEXOS .....</b>	<b>27</b>
Anexo 1: Cuestionario aplicado.....	29
Anexo 2: Distribución das titulacións por rama de coñecemento.....	35
Anexo 3: Índice de cadros e figuras.....	37

## Introdución

Desde a súa creación e posta en marcha polo Consello Social da Universidade de Vigo no ano 2016<sup>1</sup>, o Observatorio de Persoas Tituladas realiza un seguimento periódico da inserción laboral da poboación titulada da UVigo. Nos estudos realizados son analizadas as valoracións dos antigos estudantes sobre a súa experiencia académica e profesional, fornecendo informacións da percepción existente sobre a formación adquirida na universidade e sobre a súa situación laboral actual.

Nese labor de seguimento e de contacto coas persoas tituladas insírese a elaboración periódica de informes de resultados dos estudos e enquisas encamiñadas ao antigo alumnado como o que se presenta nesta ocasión. Este Resumo Executivo mostra os principais resultados do *Estudo da inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de Mestrado no curso 2019/2020*, realizado entre outubro e novembro de 2022, a partir dunha enquisa autoaplicada á poboación titulada no curso académico 2019/2020.

A elaboración deste informe prodúcese ao abrigo do acordo da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social de 4/10/2022 (ratificado polo acordo do Pleno de 20 de outubro de 2022) de aprobar a realización dun estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado na promoción de 2019/2020, solicitado pola Vicerreitoría Estudantado e Empregabilidade a pedido da Unidade de Análises e Programas (UAP) da UVigo.

A realización desta actividade permite dar continuidade ao estudo do seguimento da inserción laboral realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas, o que nesta ocasión foi tamén posíbel grazas á colaboración coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade na fixación dun protocolo de obtención de consentimentos explícitos das promocións máis recentes de antigos estudantes.

O universo obxecto de estudo está constituído pola poboación universitaria titulada en estudos de mestrado no referido curso, unha vez plenamente implantado o proceso de adaptación da UVigo ao Espazo Europeo da Educación Superior (EEES).

---

<sup>1</sup> Por acordo da súa Comisión de Actividades e Servizos de 3/2/2016, ratificado polo Pleno do Consello Social de 29/4/2016.

## Obxectivos

### 1. Obxectivo principal

Obtención de información actualizada, fiable e útil sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado universitario na promoción 2019/2020 e coñecer as condicións laborais no traballo actual.

### 2. Obxectivos específicos

- Analizar os resultados obtidos na enquisa sobre o perfil persoal e académico, situación socio-laboral en función das seguintes variábeis de segmentación:
  - Sexo
  - Lugar de residencia
  - Ramas de coñecemento
  - Estudos de mestrado universitario
- Experiencia laboral anterior á realización do mestrado.
- Actividade laboral no momento de iniciar os estudos de mestrado.
- Determinar as condicións laborais no traballo actual atendendo ao lugar do traballo, modalidade de contratación, tipo de contrato e categoría profesional.
- A percepción das persoas tituladas sobre o emprego actual e a súa relación cos estudos realizados na UVigo
  - Adecuación temática entre emprego e estudos realizados
  - Sobrecualificación
- Medición da satisfacción das persoas tituladas cos estudos oficiais de mestrado da UVigo no curso 2019/2020
  - Satisfacción global cos estudos de mestrado realizados
  - Recomendaría a realización dos estudos de mestrado escollidos
- Manter unha comunicación coas promocións recentes do antigo alumnado da UVigo de cara a actualizar e ampliar a Base de Datos do Observatorio coa información máis recente nos ámbitos académico e profesional das persoas tituladas.

A análise destas dimensións permite obter unha radiografía do perfil das persoas tituladas, incidindo en aspectos relevantes como a traxectoria académica, o acceso ao mercado de traballo e a situación socio-laboral actual.

## Datos técnicos

A poboación obxecto de estudo está constituída polas persoas tituladas da UVigo en estudos oficiais de mestrado universitario durante o curso académico 2019/2020 e que acabaron a titulación aproximadamente 27 meses antes de realizar a enquisa.

A mostra recollida foi de 341 cuestionarios válidos. A marxe de erro máxima asociada á mostra obtida é de  $\pm 4,473\%$  para un nivel de confianza de 95% ( $p=q$ ).

O Cadro nº1 recolle o tamaño da poboación e a mostra empregada para a realización do estudo para cada unha das ramas de coñecemento.

*Cadro 1. Tamaño da poboación e mostra das persoas tituladas da UVigo no curso académico 2019/2020 segundo a rama de coñecemento*

	Poboación	Mostra
Artes e Humanidades	102	37
Ciencias da Saúde	29	11
Científico	103	35
Tecnolóxico	173	56
Xurídico-Social	735	202
<b>Total</b>	<b>1142</b>	<b>341</b>

O Cadro nº2 reflicte a distribución porcentual da poboación e mostra avaliada segundo os estudos de mestrado.

*Cadro 2. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo os estudos de mestrado*

	% Poboación	% Mostra
Acuicultura	0,88	0,29
Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa	1,40	1,76
Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade <sup>2</sup>	0,18	0,29
Arte Contemporánea. Creación e Investigación	0,26	0,59
Avogacía	4,82	3,23
Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión	0,70	1,17
Biología Mariña	0,79	1,17
Biotecnoloxía Avanzada	1,14	1,76
Ciberseguridade	0,35	0,88
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental	1,49	0,88
Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca	1,84	2,35
Comercio Internacional	3,94	4,69
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	1,93	2,05
Creación, Dirección e Innovación na Empresa	1,05	0,88
Deseño e Dirección Creativa en Moda	1,05	0,59
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	1,49	0,88
Dirección de Arte en Publicidade	1,84	2,35
Dirección de PEMES	1,23	2,05
Dirección e Administración de Empresas (MBA)	3,15	1,76
Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	1,49	1,76
Dirección Integrada de Proxectos	0,18	0,29
Dirección Pública e Liderado Institucional	1,14	0,29
Enerxía e Sustentabilidade	1,23	1,17

<sup>2</sup> Por criterios de confidencialidade non se desagregan resultados por titulación.

Enxeñaría da Automoción	2,01	0,59
Enxeñaría de Minas	0,88	0,88
Enxeñaría de Organización	0,26	0,29
Enxeñaría de Telecomunicación	1,49	1,17
Enxeñaría Industrial	2,89	5,28
Enxeñaría Informática	0,35	0,59
Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	0,26	1,17
Finanzas	1,66	1,17
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	2,10	1,47
Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	1,31	0,88
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	0,96	0,59
Investigación Química e Química Industrial	0,79	0,88
Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	1,14	1,17
Lingüística Aplicada	0,44	0,59
Matemática Industrial	0,26	0,29
Mecatrónica	1,75	2,05
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	2,28	2,35
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	2,98	2,35
Neurociencia	0,35	0,88
Nutrición	1,31	1,76
Oceanografía	1,14	1,17
Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados	0,53	0,59
Prevenção de Riscos Laborais	3,15	2,64
Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas	24,96	23,75
Química Teórica e Modelización Computacional <sup>3</sup>	0,09	0,29
Técnicas Estatísticas	0,18	0,29
Tradución Multimedia	2,71	2,35
Tradución para a Comunicación Internacional	1,49	2,05
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	1,40	2,05
Xenómica e Xenética	0,88	0,59
Xestión do Desenvolvemento Sustentable	1,40	1,76
Xestión e Dirección Laboral	1,93	2,05
Xestión Empresarial do Deporte	1,14	0,88

No Anexo 2 deste documento pódense consultar as titulacións de mestrado correspondentes a cada unha das ramas de coñecemento: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Científica, Tecnolóxica e Xurídico-Social.

O cuestionario usado no presente estudo foi similar ao empregado no procedente sobre a inserción laboral das persoas tituladas en estudos de mestrado universitario no curso 2018/2019. Todos os ítems incluídos no cuestionario pódense consultar no Anexo 1.

O cuestionario foi enviado a partir dunha lista de correos electrónicos ás persoas tituladas no curso 2019/2020 que previamente deran o seu consentimento explícito a formar parte da Base de Datos do Observatorio. A captación de datos realizouse a través dun formulario on line aloxado na Web do Observatorio. Os inquiridos foron

<sup>3</sup> Por criterios de confidencialidade non se desagregan resultados por titulación.



informados do obxectivo do estudo e demostraron vontade expresa de participar. O traballo de campo desenvolveuse entre o 10 de outubro e 9 de novembro de 2022.

## Resultados

Esta parte presenta os principais resultados obtidos da enquisa de inserción laboral realizada á poboación de persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado no curso académico 2019/2020.

### 1. Datos persoais


Este apartado recolle os principais resultados sobre o sexo e lugar de residencia da poboación titulada en estudos oficiais de mestrado da UVigo no curso 2019/2020 na altura de responder a enquisa.

#### 1.1 Sexo

Na mostra avaliada existe sobrerrepresentación feminina, con 62,2% de mulleres contra 37,8% de homes.

Figura 1. Sexo das persoas tituladas


■ Muller ■ Home



#### 1.2 Lugar de residencia actual

A maioría de persoas tituladas (85,0%) reside en Galicia, contra outras comunidades autónomas (8,2%) e o estranxeiro (6,7%). A proporción de homes residentes fóra de Galicia (17,8%) supera á de mulleres (13,2%), mormente no estranxeiro.

Figura 2. Lugar de residencia



> Lugar de residencia en Galicia por provincias [[Visualizar datos](#)]

> Lugar de residencia en Galicia por concellos [[Visualizar datos](#)]

> Lugar de residencia noutras comunidades autónomas [[Visualizar datos](#)]

> Lugar de residencia noutras comunidades autónomas por provincias [[Visualizar datos](#)]


> Lugar de residencia no resto do mundo por países [[Visualizar datos](#)]

## 2 Datos académicos

### 2.1 Ramas de coñecemento

A maioría realizou estudos de mestrado da rama Xurídico-Social (59,2%) seguida a máis distancia pola Tecnolóxica (16,4%), Artes e Humanidades (10,9%), Científica (10,3%) e Ciencias da Saúde (3,2%).


Figura 3. Ramas de coñecemento



#### 2.1.1 Rama de coñecemento segundo o sexo

Salvo na rama Tecnolóxica, cunha sobrerrepresentación masculina de 73,2%, as mulleres están sobrerrepresentadas en Ciencias da Saúde (90,9%), Artes e Humanidades (83,8%) e Xurídico-Social (67,8%).

Figura 4. Rama de coñecemento segundo o sexo




#### 2.1.2 Estudos de mestrado realizados segundo o sexo [[Visualizar datos](#)]

### 2.2 Motivacións para realizar o mestrado

A maioría (60,1%) referiu complementar a formación académica para obter una maior especialización no mercado de traballo. Para o 22,0% o mestrado realizado era necesario ou obrigatorio para o seu futuro emprego (profesorado de ESO, avogacía...). O 9,4% alegou que era preciso para completar a formación académica previa para realizar o doutoramento e dedicarse á investigación.


Figura 5. Motivos para realizar o mestrado



### 2.2.1 Motivacións segundo a rama de coñecemento

O complemento da formación para mellorar a empregabilidade foi máis frecuente en Artes e Humanidades (81,1%), Científica (65,7%), Tecnolóxica (64,3%) e Ciencias da Saúde (63,6%) que na Xurídico-Social (54,0%). Completar a formación de cara á investigación é significativa nas ramas de Ciencias da Saúde (36,4%) e Científica (31,4%). A necesidade ou obrigatoriedade para o seu futuro emprego ten un peso destacado na rama Xurídico-Social (36,6%), ben como a necesidade para exercer profesións reguladas na Tecnolóxica (12,5%).

Figura 6. Motivos para realizar o mestrado segundo a rama de coñecemento



### 3. Situación laboral anterior á realización do mestrado

Este apartado aborda a experiencia laboral previa á realización dos estudos de mestrado e a situación laboral na altura de iniciar os estudos de mestrado na UVigo.

#### 3.1 Experiencia laboral previa á realización do mestrado

O 73,0% xa traballara con anterioridade ao inicio dos estudos de mestrado finalizados no curso 2019/2020, sendo máis frecuente en homes (76,7%) que en mulleres (70,8%).


Figura 7. Experiencia laboral previa ao mestrado



#### 3.1.1 Experiencia laboral previa segundo a rama de coñecemento

A experiencia laboral é significativamente maior nas ramas de Artes e Humanidades (78,4%) e Xurídico-Social (78,2%) que en Ciencias da Saúde (45,5%) e Científica (54,3%).

Figura 8. Experiencia laboral previa ao mestrado segundo a rama de coñecemento




#### 3.1.2 Experiencia laboral previa segundo os estudos de mestrado [\[Visualizar datos\]](#)

#### 3.2 Actividade laboral na altura de iniciar os estudos de mestrado

A maioría de persoas tituladas con experiencia laboral previa conciliou o traballo cos estudos de mestrado (52,2%). O 35,7% dos titulados/as que traballaran antes do mestrado xa non tiñan emprego e un 12,0% deixou o emprego que tiña para cursar o mestrado.

Figura 9. Actividade laboral no momento de iniciar o mestrado




Creado con Datawrapper

### 3.2.1 Situación laboral na altura de iniciar o mestrado segundo a rama de coñecemento

A maioría de persoas tituladas en estudos das ramas Científica (78,9%), Artes e Humanidades (55,2%), Xurídico-Social e Tecnolóxica (50,0% ambas) conciliou o traballo co mestrado. O abandono do emprego para cursar o mestrado foi máis frecuente en Ciencias da Saúde (40,0%) que na Científica (0,0%), rama coa maior frecuencia de estudantes que xa non traballaban na altura de iniciar os estudos de mestrado (40,0%).

Figura 10. Actividade laboral no momento de iniciar o mestrado segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

### 3.2.2 Situación laboral na altura de iniciar o mestrado segundo os estudos realizados

[\[Visualizar datos\]](#)

## 4. Situación actual

Situación das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado no curso 2019/2020 na altura de responder a enquisa: mercado de traballo, estudan e/ou preparan oposicións.

### 4.1 Situación do mercado de traballo

O 76,0% das persoas tituladas durante o curso 2019/2020 traballaba<sup>4</sup> na altura de responder a enquisa, o 12,6% procuraba emprego<sup>5</sup> e o restante 11,4% estaba na inactividade<sup>6</sup>.

Figura 11. Situación do mercado de traballo actual




Creado con Datawrapper

#### 4.1.1 Situación do mercado de traballo segundo o lugar de residencia

A taxa de ocupación é menor nos residentes noutras comunidades autónomas (71,4%) que no estranxeiro (87,0%). A taxa de desemprego é máis alta noutras comunidades autónomas (17,9%), duplicando a rexistrada no estranxeiro (8,7%).


Figura 12. Situación do mercado de traballo actual segundo o lugar de residencia



#### 4.1.2 Situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento

A taxa de ocupación é significativamente maior nas ramas Tecnolóxica (94,6%) e Xurídico-Social (74,3%) que en Ciencias da Saúde (63,6%) e Artes e Humanidades (67,6%), máis afectadas polo desemprego (18,2% e 24,3%, respectivamente).

Figura 13. Situación do mercado de traballo actual segundo a rama de coñecemento



#### 4.1.3 Situación do mercado de traballo segundo os estudos de mestrado [[Visualizar datos](#)]

> Situación do mercado de traballo segundo os estudos de mestrado por campus [[Visualizar datos](#)]

<sup>4</sup> Taxa de ocupación: Suma da porcentaxe de persoas tituladas que traballan por conta allea na empresa privada e no sector público, empresarios/as (titulares dunha empresa), traballadores/as autónomos/as, estudan e traballan, preparan oposicións e traballan e de baixa/excedencia laboral.

<sup>5</sup> Taxa de desemprego: Porcentaxe de persoas tituladas desempregadas procurando emprego.

<sup>6</sup> Taxa de inactividade: Suma da porcentaxe de persoas tituladas que estudan e/ou preparan oposicións a tempo completo, están ao coidado familiar ou están xubiladas, pensionistas ou con invalidez.

## 4.2 Cursa estudos universitarios

O 8,5% das persoas tituladas (9,3% para homes e 8,0% para mulleres) estudaba no momento de responder a enquisa.


Figura 14. Continúa estudos universitarios



### 4.2.1 Tipo de estudos universitarios que cursa

Predominan os estudos de doutoramento (85,2%) seguidos polos estudos de grao (11,1%) e outro mestrado (3,7%).

Figura 15. Tipo de estudos universitarios que cursa



Creado con Datawrapper

## 4.3 Prepara oposicións

O 8,2% de persoas tituladas en estudos de mestrado no curso 2019/2020 preparaba oposicións na altura de responder a enquisa (7,0% para os homes e 9,0% para as mulleres).

Figura 16. Prepara oposicións



Creado con Datawrapper



## 5. Procura de emprego

Este apartado aborda dous aspectos sobre a procura de emprego: o tempo de procura de traballo das persoas desempregadas na altura de responder a enquisa e o tempo en atopar emprego desde a finalización do mestrado.

### 5.1 Tempo de procura de emprego

O tempo medio de procura de emprego é de 16,36 meses, sendo inferior en homes (14,64 meses) que en mulleres (17,10 meses).


Figura 17. Tempo de procura de emprego (meses)



#### 5.1.1 Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento

A duración media do desemprego<sup>7</sup> oscila entre 17,06 meses na rama Xurídico-Social, 16,50 en Ciencias da Saúde e o mínimo de 4,50 na Científica.

Figura 18. Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento



#### 5.1.2 Tempo de procura de emprego segundo os estudos de mestrado [\[Visualizar datos\]](#)

### 5.2 Tempo en atopar emprego

O tempo medio (en meses) transcorrido desde a finalización dos estudos de mestrado no curso 2019/2020 até encontrar emprego<sup>8</sup> foi de 4,64 meses, sendo máis alto nas mulleres (5,08 meses) que nos homes (3,91 meses).

Figura 19. Tempo en atopar emprego (meses)




<sup>7</sup> Un único caso rexistrado de persoas tituladas en estudos da rama Tecnolóxica a procurar emprego no momento de responder a enquisa rexistrou un tempo de procura de emprego de 60,00 meses.

<sup>8</sup> Considerando cero meses o tempo en arranxar emprego dos titulados que xa traballaban ao completar o mestrado (46,9% da mostra avaliada, 46,3% de homes contra 47,2% de mulleres).

### 5.2.1 Tempo en atopar emprego segundo a rama de coñecemento

Os titulados/as que menos demoran en atopar emprego realizaron estudos na rama Tecnolóxica (2,09 meses), seguida por Artes e Humanidades (3,78 meses) e Científica (4,43 meses).

Figura 20. Tempo en atopar emprego segundo a rama de coñecemento (meses)



### 5.2.2 Tempo en atopar emprego segundo os estudos de mestrado [\[Visualizar datos\]](#)


## 6. Emprego actual

Este apartado avalía as características do traballo actual das persoas tituladas en estudos de mestrado no curso 2019/2020 e, especificamente, no tocante a variábeis como o lugar do traballo, modalidade de contratación, tipo de contrato e categoría profesional.

### 6.1 Lugar do traballo

A maioría (82,4%) traballa en Galicia, distribuíndose o resto noutra comunidade autónoma (9,0%) e o estranxeiro (8,6%). A emigración feminina (14,0%) é significativamente inferior á masculina (23,2%), mormente debido á menor mobilidade internacional.

Figura 21. Lugar do traballo




- > Lugar do traballo en Galicia por provincias [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar do traballo en Galicia por concellos [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar do traballo noutras comunidades autónomas [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar do traballo noutras comunidades autónomas por provincias [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar do traballo no resto do mundo por países [[Visualizar datos](#)]

#### 6.1.1 Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento

A maioría de titulados/as de todas as ramas académicas traballa en Galicia, oscilando entre o máximo na Tecnolóxica (88,5%) e Científica (87,9%) e o mínimo de Artes e Humanidades (72,0%).

Figura 22. Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento



#### 6.1.2 Lugar do traballo segundo os estudos de mestrado [[Visualizar datos](#)]

## 6.2 Modalidade de contratación

A maioría de titulados/as (90,7%) traballa por conta allea<sup>9</sup> contra o 9,3% restante por conta propia<sup>10</sup>, sendo máis frecuente este rexime de traballo en mulleres (10,1%) que en homes (8,1%).


Figura 23. Modalidade de contratación



### 6.2.1 Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo

O traballo por conta propia no estranxeiro (22,7%) máis que duplica o rexistrado en Galicia (8,5%) e quintuplica o existente noutras comunidades autónomas (4,3%).


Figura 24. Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo



### 6.2.2 Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento

O emprego por conta propia é máis frecuente en Artes e Humanidades (24,0%) e Xurídico-Social (10,7%) que na Tecnolóxica (3,8%), Ciencias da Saúde e Científica (0,0% ambas).

Figura 25. Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento



### 6.2.3 Modalidade de contratación segundo os estudos de mestrado [[Visualizar datos](#)]

<sup>9</sup> Taxa de asalariación: Antigos estudantes que traballan como asalariados para outra persoa, empresa ou institución.

<sup>10</sup> Taxa de emprendemento: Antigos estudantes que traballan no réxime especial de traballadores autónomos ou como empresarios/as (titulares dunha empresa).

### 6.3 Tipo de contrato

Entre as persoas tituladas que traballan por conta allea predominan os contratos de duración indefinida (67,6%) contra a eventualidade laboral (32,4%), sendo superior a eventualidade feminina (38,1%) á masculina (23,8%).

Figura 26. Tipo de contrato

	Indefinido	Temporal	Por obra/servizo	Bolsa	En prácticas
Global	67,6%	19,5%	6,7%	2,4%	3,8%
Home	76,2%	11,9%	6,0%	1,2%	4,8%
Muller	61,9%	24,6%	7,1%	3,2%	3,2%

#### 6.3.1 Tipo de contrato segundo o lugar do traballo

A contratación indefinida é máis frecuente noutras comunidades autónomas (77,3%) que en Galicia (66,5%) e no estranxeiro (68,8%).

Figura 27. Tipo de contrato segundo o lugar do traballo

	Indefinido	Temporal	Obra/ser.	Bolsa	En prácticas
Galicia	66,5%	19,4%	6,5%	2,9%	4,7%
Outra comunidade autónoma	77,3%	22,7%	0,0%	0,0%	0,0%
Resto do mundo	68,8%	18,8%	12,5%	0,0%	0,0%

#### 6.3.2 Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento

A contratación indefinida é maioritaria en todas as ramas, salvo en Ciencias da Saúde (28,6%), onde a eventualidade laboral é maioritaria.

Figura 28. Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento


	Indefinido	Temporal	Obra/ser.	Bolsa	En prácticas
Artes e Humanidades	56,3%	31,3%	0,0%	6,3%	6,3%
Ciencias da Saúde	28,6%	57,1%	0,0%	14,3%	0,0%
Científico	84,2%	10,5%	5,3%	0,0%	0,0%
Tecnolóxico	73,9%	19,6%	4,3%	0,0%	2,2%
Xurídico-Social	66,4%	17,2%	9,0%	2,5%	4,9%

#### 6.3.3 Tipo de contrato segundo os estudos de mestrado [[Visualizar datos](#)]

## 6.4 Categoría profesional

O 88,2% das persoas tituladas que traballan desenvolven funcións de nivel universitario no seu posto de traballo<sup>11</sup> (91,8% de homes contra 85,9% de mulleres).

Figura 29. Categoría profesional




### 6.4.1 Categoría profesional segundo a rama de coñecemento

As funcións de nivel universitario na altura de responder a enquisa abranxen o 98,1% de titulados/as na rama Tecnolóxica e 91,7% na Científica, seguida pola Xurídico-Social (87,7%), Artes e Humanidades (72,0%) e Ciencias da Saúde (71,4%).

Somente se rexistraron persoas tituladas con funcións directivas entre os titulados/as en estudos das ramas Xurídico-Social (9,6%) e de Artes e Humanidades (8,0%).

Figura 30. Categoría profesional segundo a rama de coñecemento



### 6.4.2 Categoría profesional segundo os estudos de mestrado [\[Visualizar datos\]](#)

> Categoría profesional segundo os estudos de mestrado por sexo [\[Visualizar datos\]](#)

<sup>11</sup> Categoría profesional de directivo/as, mandos intermedios e técnicos/as cualificados/as.


## 7. Valoración do traballo

Neste apartado as persoas tituladas inquiridas que traballan realizaron unha valoración do seu posto de traballo actual en función da súa adecuación temática a respecto dos estudos realizados e da relación existente entre as exigencias das funcións profesionais desenvolvidas e o nivel académico adquirido na UVigo.

### 7.1 Relación entre o traballo actual e os estudos realizados

Para unha maioría de 56,0% as funcións desenvolvidas no seu posto de traballo son específicas do título obtido na UVigo no curso 2019/2020. Polo contrario, para o 21,0% non existe calquera relación entre o emprego actual e os estudos realizados, afectando levemente máis ás mulleres (21,7%) que aos homes (19,8%).


Figura 31. Adecuación temática do posto de traballo



#### 7.1.1 Relación entre o traballo actual e os estudos realizados segundo a rama de coñecemento

A adecuación temática do emprego actual é total en Ciencias da Saúde e maioritaria na Tecnolóxica (65,4%), Científica (62,5%) e Xurídico-Social (50,7%) contra Artes e Humanidades (47,8%).

Figura 32. Adecuación temática do posto de traballo segundo a rama de coñecemento




#### 7.1.2 Adecuación temática do traballo actual segundo os estudos de mestrado [\[Visualizar datos\]](#)

> Adecuación temática do traballo actual e os estudos de mestrado realizados por sexo [\[Visualizar datos\]](#)

## 7.2 Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo

A sobrecualificación<sup>12</sup> das persoas tituladas en estudos de mestrado no curso 2019/2020 é do 27,0%, sendo levemente máis frecuente en mulleres (28,3%) que en homes (25,0%).


Figura 33. Relación entre o traballo e o nivel académico adquirido na UVigo



### 7.2.1 Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a rama de coñecemento

A sobrecualificación é máis frecuente nas ramas de Artes e Humanidades (43,5%) e Xurídico-social (28,9%) que en Ciencias da Saúde (14,3%), Tecnolóxica (17,3%) e Científica (25,0%).

Figura 34. Relación entre o traballo e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a rama de coñecemento



### 7.2.2 Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo segundo os estudos de mestrado [[Visualizar datos](#)]

<sup>12</sup> As exixencias profesionais do emprego actual son inferiores ao nivel académico adquirido na UVigo.




## 8. Satisfacción co itinerario académico

Neste apartado é abordado o nivel de satisfacción dos titulados/as en mestrado da UVigo no curso 2019/2020 co seu itinerario académico a partir de dúas perspectivas: a satisfacción global cos estudos de mestrado escollidos e se recomendaría eses estudos realizados na UVigo.

### 8.1 Nivel de satisfacción global cos estudos de mestrado realizados na UVigo no curso 2019/2020

Nunha escala de 1 a 5, en que 1 significa "nada", 2 "pouco", 3 "algo", 4 "bastante" e 5 "moito" satisfeito/a, o nivel de satisfacción medio é de 3,59, sendo levemente maior en homes (3,67) que en mulleres (3,53).


Figura 35. Nivel de satisfacción global cos estudos de mestrado realizados



#### 8.1.1 Nivel de satisfacción cos estudos de mestrado realizados segundo a rama de coñecemento

A satisfacción cos estudos realizados é maior na rama Tecnolóxica (3,98), Artes e Humanidades (3,78) e Científica (3,66) que en Ciencias da Saúde (3,36) e Xurídico-Social (3,44).

Figura 36. Satisfacción cos estudos de mestrado realizados segundo a rama de coñecemento




#### 8.1.2 Nivel de satisfacción cos estudos de mestrado realizados [\[Visualizar datos\]](#)

## 8.2 Recomendaría os estudos de mestrado realizados na UVigo

Nunha escala de satisfacción de 1 a 5, os titulados/as inquiridos mostraron un nivel de satisfacción medio de 3,55 relativamente á recomendación dos estudos de mestrado realizados na UVigo, sendo levemente superior a referida por homes (3,65) que por mulleres (3,48).


Figura 37. Recomendaría os estudos de mestrado realizados na UVigo



### 8.2.1 Recomendaría a realización dos estudos de mestrado na UVigo segundo a rama de coñecemento

Recomendarían con mellor vontade os estudos de mestrado realizados na UVigo no curso 2019/2020 as persoas tituladas das ramas Tecnolóxica (3,96) e de Artes e Humanidades (3,59) contra Ciencias da Saúde (3,00), Xurídico-Social (3,46) e Científica (3,51)

Figura 38. Recomendaría os estudos de mestrado segundo a rama de coñecemento



### 8.2.2 Recomendaría os estudos de mestrado realizados na UVigo segundo os estudos realizados [\[Visualizar datos\]](#)

## BIBLIOGRAFÍA

*Estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado universitario no curso 2018/2019.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2022)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_EM\\_2018-19\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_EM_2018-19_gl.pdf)

[Consult. 16/11/2022]

*Estudo sobre o impacto da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021 nas persoas tituladas da UVigo. Xaneiro-Setembro de 2021.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2022)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Infome\\_COVID-19\\_3\\_final\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Infome_COVID-19_3_final_gl.pdf)

[Consult. 20/5/2022]

*Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Setembro-December de 2020.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2021)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Informe\\_COVID-19\\_2\\_final\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Informe_COVID-19_2_final_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Marzo-Xuño de 2020.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2020)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Informe\\_COVID-19\\_1\\_final\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Informe_COVID-19_1_final_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 1990-2015.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2018)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_1990-15\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_1990-15_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*101 titulacións da Universidade de Vigo (1990-2015). Formación complementar e especialización profesional das persoas tituladas.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2019)

[http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/12/100\\_Titulacions\\_uvigo\\_gl.pdf](http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/12/100_Titulacions_uvigo_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*71.487 persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015). Evolución da oferta académica.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2017)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IPT\\_1990-15\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IPT_1990-15_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2005-2010.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2015)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_2005-10\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_2005-10_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da UVigo. Promocións de 2008 e 2009.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2014)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_2008-09\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_2008-09_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2006 e 2007.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2013)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_2006-07\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_2006-07_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014*  
(EILGraduados1314), ACSUG (2018)

<http://www.acsug.es/sites/default/files/arquivos/Resultados%20no%20SUG%20EIL1314.pdf>

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014*  
(EILMásteres1314), ACSUG (2019)

<http://www.acsug.es/sites/default/files/Resumo%20executivo%20masteres%201314.pdf>

[Consult. 23/3/2022]

## ANEXOS



## Anexo 1: Cuestionario aplicado

### ENQUISA DE INSERCIÓN LABORAL DAS PERSOAS TITULADAS DA UVIGO EN ESTUDOS DE MESTRADO NO CURSO ACADÉMICO 2019/2020

*O Observatorio de Persoas Tituladas é un proxecto do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de facer o seguimento da inserción laboral dos antigos estudantes. Con ese fin realizamos periodicamente enquisas como esta ás persoas tituladas da UVigo.*

Comezamos!!

\* Pregunta obrigatoria

P1. Consentimento inicial\*

*Esta Enquisa está dirixida a todos os antigos estudantes da UVigo que completaron estudos de Mestrado Universitario no curso 2019/2020*

Son titulada/o da UVigo no curso 2019/2020 e desexo participar voluntariamente nesta Enquisa de Inserción Laboral

Bloque 1: Información introdutoria

P2. Localidade de residencia\*

*Indica a poboación/localidade da túa residencia actual*

P3. Código Postal\*

*Indica o código postal do teu lugar de residencia actual*

P4. Provincia/Rexión

*Indica a provincia/rexión do teu lugar de residencia actual.*

P5. País

*Indica o país onde resides actualmente*

Estudos de mestrado realizados no curso 2019/2020

P6. Mestrado realizado na UVigo

*Escolle o Mestrado Universitario finalizado na UVigo no curso 2019/2020*

P7. Campus\* (marca só unha opción)

*Indica o Campus da UVigo en que realizaches o Mestrado referido na pregunta anterior*

- Ourense
- Pontevedra
- Vigo

Titulación de acceso ao Mestrado

*As seguintes preguntas están relacionadas coa TITULACIÓN DE ACCESO ao Mestrado avaliado nesta enquisa; isto é, os estudos universitarios previos máis relacionados cos contidos do Mestrado Universitario realizado na UVigo no curso 2019/2020*

P8.1 Tipo de estudos

*Indica o tipo de estudos da titulación de acceso ao Mestrado*

- Grao
- Licenciatura
- Enxeñaría (superior)
- Diplomatura
- Enxeñaría Técnica
- Outro mestrado

P8.2 Nome do título

*Indica o nome da titulación de acceso ao Mestrado. Por exemplo: Enxeñaría da Enerxía, Tradución e Interpretación, Ciencias do Mar...*

P8.3 Ano

*Indica o ano en que realizaches a titulación de acceso ao Mestrado*

P8.4 Universidade

*Indica a universidade onde realizaches a titulación de acceso ao Mestrado*

Outras titulacións

P9. Posúes outros estudos universitarios anteriores ao mestrado realizado na UVigo no curso 2019/2020?

*Responde se realizaches outra(s) titulación(s) previa(s) a maiores da titulación de acceso ao Mestrado referida nas anteriores preguntas*

- Si >> (PASAR A P13.1)
- Non >> (PASAR A P14)

P9.1 Titulación 2ª

*Formato de reposta: Nome de "titulación 2" [COMA] Ano en que realizaches a "titulación 2" [COMA] Universidade onde cursaches a "titulación 2"*

*Exemplo:*

*Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión, 2011, UVigo*

*Grao en Enxeñaría Informática (Curso Ponte), 2015, Universidade da Coruña*

*Mestrado en Enxeñaría Informática, 2019, UVigo*

P9.2 Titulación 3ª (se proceder)

*Formato de reposta: Nome de "titulación 3" [COMA] Ano en que realizaches a "titulación 3" [COMA] Universidade onde cursaches a "titulación 3"*

*Exemplo:*

*Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión, 2011, UVigo*

*Grao en Enxeñaría Informática (Curso Ponte), 2015, Universidade da Coruña*

*Mestrado en Enxeñaría Informática, 2019, UVigo*

P10. Posúes o título de doutoramento? \*

- Si >> (PASAR A P11)
- Non >> (PASAR A P13)

P11. Programa de doutoramento realizado

*Indica o programa dos estudos de doutoramento realizado:*

P12. Universidade onde obtiveches o doutoramento

*Indica a universidade onde completaches o teu título de doutoramento:*

P13. Cal foi o principal motivo para te matriculares no mestrado?

- Complementar a miña formación académica previa para poder realizar o doutoramento e dedicarse á investigación
- Complementar a miña formación académica para unha maior especialización no mercado de traballo (ampliar as saídas profesionais, desenvolvemento profesional, ter máis oportunidades...)
- Detectei necesidades formativas na miña experiencia laboral anterior
- Era necesario ou obrigatorio para o meu futuro emprego/perspectiva laboral (profesores de secundaria, avogados/as...)
- Era necesario para dispor das atribucións e competencias profesionais de profesións reguladas (Enxeñaría Industrial, Enxeñaría de Minas...)
- Acceder á realización de prácticas laborais
- Encontrar un primeiro emprego
- Outro. Indicar cal:

P14. Realizaches durante o mestrado prácticas externas?

- Si >> (PASAR A P15)
- Non >> (PASAR A P16)

P15. As prácticas externas eran

- Obrigatorias
- Optativas

Bloque 2: Experiencia laboral previa ao mestrado

P16. Traballaches algunha vez desde a finalización da túa titulación(s) previa(s) antes de comezar o mestrado? \*

*Esta pregunta está referida á experiencia laboral previa á realización do Mestrado Universitario na UVigo*

- Si >> (PASAR A P17)
- Non >> (PASAR A P18)



P17. Estabas a traballar no momento de comezar o mestrado? \*

- Si, e deixei o traballo para facer o mestrado
- Si, e compaxinei o traballo co mestrado
- Non estaba a traballar

Bloque 3: Situación actual

P18. Situación socio-laboral actual\*

*Escolle a opción que mellor describa a túa situación socio-laboral no momento de responder esta enquisa. Se estiveres pluriempregado/a, indica a resposta que mellor defina a túa actividade principal.*

- Emprego por conta allea na empresa privada >> (PASAR A P22)
- Funcionario/traballo para a administración pública >> (PASAR A P22)
- Traballador/a autónomo/a >> (PASAR A P24)
- Empresario/a (titular dunha empresa) >> (PASAR A P24)
- Desempregado/procurando emprego >> (PASAR A P24)
- Xubilado, pensionista ou con invalidez >> (PASAR A P24)
- Curso estudos universitarios >> (PASAR A P19)
- Preparo oposicións >> (PASAR A P24)
- Baixa/excedencia laboral >> (PASAR A P24)
- Coidado familiar >> (PASAR A P24)
- Outra situación: Indicar cal: >> (PASAR A P24)

P19. De que tipo son os estudos que realizas? (marca só unha opción)

- Grao
- Mestrado
- Doutoramento

P20. Que estudos realizas?

*Indica a titulación que estás a realizar neste momento referida na pregunta anterior*

*En caso de realizar estudos de doutoramento indica o Programa de Doutoramento en que estás matriculado/a*

P21. Universidade onde realizas os estudos universitarios

*Indica a universidade onde estás a realizar actualmente os estudos referidos na pregunta anterior*

>>PASAR A P23

P22. Tipo de contrato (marca só unha opción)

*Indica o tipo de contrato do teu emprego actual*

- Indefinido
- Temporal/eventual
- Por obra/servizo
- En prácticas
- Bolsa
- Outro: Indicar cal:

P23. Xornada laboral

*Indica se traballas a xornada completa ou a tempo parcial*

- Completa
- Tempo parcial (menos de 40 horas á semana)

P24. Tempo que levas na situación socio-laboral actual (en meses)

*Indica o número de MESES que levas na situación actual descrita anteriormente (como empregado/a na empresa privada, emprego no sector público, desempregado/a, traballador/a autónomo/a, empresario/a, estudante...):*

P25. Actualmente traballas?\*( marca só unha opción) \*

- Si >> PASAR A P26
- Non >> PASAR A P36

Bloque 3: Características do emprego actual

*Responde as seguintes preguntas sobre o teu posto de traballo actual*

P26. Lugar de traballo\*

*Indica a poboación/localidade onde se localiza a empresa/entidade en que traballas actualmente (independentemente do país en que residas):*

P27. País

*País onde se encontra a empresa/entidade en que traballas actualmente*

P28. Rama de actividade \*

*Indica a rama de actividade da empresa/entidade en que traballas actualmente*

- Empresa privada
- Ámbito público
- Entidade non lucrativa (fundación, ONG, asociación...)

P29. Sector económico

*Indica o sector económico da empresa/entidade do teu emprego actual*

- Actividades físico/deportivas
- Actividades inmobiliarias
- Actividades profesionais (avogacía, tradutor/a, artista...)
- Administración pública (servizos centrais, Facenda, Xustiza...)
- Aeroespacial
- Agricultura, gandaría, caza e pesca (sector primario)
- Alimentación/Industria alimentar
- Automoción
- Banca, servizos financeiros e seguros
- Comercio<sup>13</sup>
- Construción
- Consultoría
- Cultura e entretemento
- Defensa e seguranza
- Enerxía e utilities
- Ensino/docencia
- Enxeñaría
- Farmacéutico
- Industria química, plástico, vidro e envases
- Investigación/Actividades científicas
- Loxística, transporte e distribución
- Madeira
- Medios de comunicación/Audiovisuais
- Metalurxia e eléctrico
- Minaría
- Papel, gráficas, edición e reprodución
- Sanitario/saúde
- Servizos a empresas
- Servizos informáticos
- Servizos sociais
- Silvicultura/forestal
- Telecomunicacións/IT
- Têxtil e confección
- Turismo e restauración/HORECA
- Xestión ambiental

P30. Categoría do teu posto de traballo (marca só unha opción) \*

*Indica a responsabilidade que desempeñas no teu emprego actual*

- Técnico/a cualificado/a
- Directivo/a
- Mando intermedio
- Emprego non cualificado

P31. Área funcional/departamento (marca só unha opción)

*Indica o departamento do posto de traballo na empresa/entidade en que traballas*

- Administración e finanzas
- Atención ao cliente/usuario
- Calidade
- Compras
- Dirección xeral
- Enxeñaría e construción

---

<sup>13</sup> Inclúe venda grosista e retalista.

- Formación e ensino
- I+D+i
- Informática e tecnoloxía
- Loxística e almacén
- Prevención e saúde
- Produción
- Recursos humanos
- Servizos
- Vendas/marketing
- Xestión de proxectos
- Non existen áreas funcionais diferenciadas na empresa/entidade
- Outra. Indicar cal:

P32. Tamaño da empresa/entidade en que traballas

*Indica o número de empregados/as da empresa/entidade en que traballas.*

*No caso dunha empresa con varios centros de traballo, referímonos ao número de traballadores/as do conxunto da organización*

- 1
- 2-9
- 10-49
- 50-249
- 250-999
- 1000 empregados/as ou máis

Bloque 4: Valoración do emprego actual

P33. Relación do teu actual emprego cos estudos de mestrado realizados na UVigo no curso 2019/2020 \*

- Están relacionados
- Están pouco relacionados
- Non teñen ningunha relación

P34. Relación do teu actual emprego co teu nivel académico adquirido no mestrado realizado na UVigo no curso 2019/2020 \*

- Inferior ao meu nivel académico
- Adecuado ao meu nivel académico
- Superior ao meu nivel académico

P35. Valoración do teu emprego actual

*Escala de valoración: 1 (Moi insatisfeito/a) → 5 (Moi satisfeito/a)*

Bloque 5: Satisfacción co itinerario académico e coa inserción laboral

P36. Indica a túa satisfacción cos seguintes aspectos sobre o mestrado realizado na UVigo

*Escala de valoración: 1 (moi insatisfactorio) → 5 (moi satisfactorio)*

- Valoración global do mestrado realizado
- Competencias adquiridas ao realizar os estudos de mestrado
- Recomendaría a realización deste mestrado

P37. Indica a túa satisfacción global cos seguintes aspectos sobre a inserción laboral do mestrado realizado na UVigo

*Escala de valoración: 1 (moi insatisfactorio) → 5 (moi satisfactorio)*

- O mestrado realizado no curso 2019/2020 capacitoume para desenvolver a miña profesión
- A realización do mestrado facilitou a miña inserción laboral
- O mestrado realizado contribuíu a mellorar o meu nivel socio-laboral

P38. Traballaches algunha vez desde que acabaches o mestrado no curso 2019-2020? \*

- Si >> PASAR A P39
- Non, nunca traballei >> PASAR A P43

P39. Canto tempo transcorreu desde que finalizaches o mestrado ata encontrar emprego? \*

*Indica o tempo (en meses) que tardaches en encontrar emprego despois de finalizar o Mestrado realizado na UVigo no curso 2019/2020*

*Indica 0 (CERO meses) se xa traballabas antes de finalizar o Mestrado*

Bloque 6: Situación un ano após acabar os estudos

P40. Cal era a túa situación socio-laboral un ano despois de acabar os estudos ? \*

*ATENCIÓN! Debes situarte un ano despois de acabar o Mestrado avaliado nesta enquisa e escoller a opción que mellor describa a túa situación socio-laboral*

*En caso de pluriemprego, indica a resposta que mellor defina a túa actividade principal*

- Emprego por conta allea na empresa privada >> (PASAR A P41)
- Funcionario/traballo para a administración pública >> (PASAR A P41)
- Traballador/a autónomo/a >> (PASAR A P42)
- Empresario/a (titular dunha empresa >> PASAR A P42)
- Desempregado/procurando emprego >> PASAR A P43
- Xubilado, pensionista ou con invalidez >> PASAR A P43
- Cursaba estudos universitarios >> PASAR A P43
- Preparaba oposicións >> PASAR A P43
- Baixa/excedencia laboral >> PASAR A P41
- Coidado familiar >> PASAR A P43
- Outra situación: Indicar cal: >> PASAR A P43

P41. Xornada laboral do emprego que tiñas un ano despois de acabar os estudos na UVigo \*

- Completa
- Tempo parcial (menos de 40 horas á semana)

P42. Lugar de traballo\*

*Indica onde traballabas un ano despois de acabar o Mestrado na UVigo*

- Traballaba en Galicia
- Traballaba noutra comunidade autónoma
- Traballaba no estranxeiro

Anonimización e verificación

*Esta enquisa é anónima. Non require que indique o seu nome e apelidos*

*Para verificar que a persoa que responde a enquisa é antigo estudante da UVigo é preciso xerar un CÓDIGO DE VERIFICACION*

P43. Código de verificación\*

*Indica as dúas primeiras cifras, as dúas cifras finais e letra do seu número de identidade (DNI, NIE ou Pasaaporte)*

*Formato da resposta: Primeiros dous valores do seu n° de identidade [GUIÓN] últimos dous valores do seu n° de identidade [GUIÓN] letra do seu n° de identidade. Exemplo: Para o n° de identidade 12345678Z debes indicar 12-78-Z*

P44. Sexo\*

- Home
- Muller

P45. Dirección de correo electrónico (opcional)

*Indica a conta de correo electrónico na que queres recibir os resultados deste Estudo de Inserción Laboral*

P46. PREGUNTA ABERTA

Se desexas engadir algún comentario que consideres relevante para os fins deste estudo, por favor, faino constar nesta pregunta aberta:

P47. CONSENTIMENTO RGPD\*

Definición da Política de Privacidade

Lin e acepto a Política de Privacidade descrita neste consentimento.

## Anexo 2: Distribución das titulacións por rama de coñecemento

### **Artes e Humanidades**

Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade  
Arte Contemporánea. Creación e Investigación  
Deseño e Dirección Creativa en Moda  
Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións  
Libro Ilustrado e Animación Audiovisual  
Lingüística Aplicada  
Tradución Multimedia  
Tradución para a Comunicación Internacional  
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

### **Ciencias da Saúde**

Neurociencia  
Nutrición  
Xenómica e Xenética

### **Científica**

Acuicultura  
Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión  
Biología Mariña  
Biotecnoloxía Avanzada  
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental  
Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca  
Investigación Química e Química Industrial  
Oceanografía  
Química Teórica e Modelización Computacional  
Técnicas Estatísticas

### **Tecnolóxica**

Ciberseguridade  
Enerxía e Sustentabilidade  
Enxeñaría da Automoción  
Enxeñaría de Minas  
Enxeñaría de Organización  
Enxeñaría de Telecomunicación  
Enxeñaría Industrial  
Enxeñaría Informática  
Matemática Industrial  
Mecatrónica  
Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos Non Tripulados  
Prevención de Riscos Laborais

### **Xurídico-Social**

Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa  
Avogacía  
Comercio Internacional  
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais  
Creación, Dirección e Innovación na Empresa  
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos  
Dirección de Arte en Publicidade  
Dirección de PEMES  
Dirección e Administración de Empresas (MBA)  
Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde  
Dirección Integrada de Proxectos  
Dirección Pública e Liderado Institucional  
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria  
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde  
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social  
Necesidades Específicas de Apoio Educativo  
Profesorado en ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas  
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel  
Xestión e Dirección Laboral  
Xestión Empresarial do Deporte


## Anexo 3: Índice de cadros e figuras

### Índice de cadros

Cadro 1. Tamaño da poboación e mostra das persoas tituladas da UVigo no curso académico 2019/2020 segundo a rama de coñecemento .....	5
Cadro 2. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo os estudos de mestrado .....	5

### Índice de figuras

Figura 1. Sexo das persoas tituladas.....	7
Figura 2. Lugar de residencia.....	7
Figura 3. Ramas de coñecemento .....	9
Figura 4. Rama de coñecemento segundo o sexo .....	9
Figura 5. Motivos para realizar o mestrado .....	9
Figura 6. Motivos para realizar o mestrado segundo a rama de coñecemento .....	10
Figura 7. Experiencia laboral previa ao mestrado .....	11
Figura 8. Experiencia laboral previa ao mestrado segundo a rama de coñecemento .....	11
Figura 9. Actividade laboral no momento de iniciar o mestrado .....	11
Figura 10. Actividade laboral no momento de iniciar o mestrado segundo a rama de coñecemento .....	12
Figura 11. Situación do mercado de traballo actual.....	13
Figura 12. Situación do mercado de traballo actual segundo o lugar de residencia .....	13
Figura 13. Situación do mercado de traballo actual segundo a rama de coñecemento .....	13
Figura 14. Continúa estudos universitarios .....	14
Figura 15. Tipo de estudos universitarios que cursa .....	14
Figura 16. Prepara oposicións .....	14
Figura 17. Tempo de procura de emprego (meses) .....	15
Figura 18. Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento .....	15
Figura 19. Tempo en atopar emprego (meses) .....	15
Figura 20. Tempo en atopar emprego segundo a rama de coñecemento (meses) .....	16
Figura 21. Lugar do traballo.....	17
Figura 22. Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento .....	17
Figura 23. Modalidade de contratación .....	18
Figura 24. Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo .....	18
Figura 25. Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento.....	18
Figura 26. Tipo de contrato .....	19
Figura 27. Tipo de contrato segundo o lugar do traballo .....	19
Figura 28. Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento.....	19
Figura 29. Categoría profesional .....	20
Figura 30. Categoría profesional segundo a rama de coñecemento.....	20
Figura 31. Adecuación temática do posto de traballo.....	21
Figura 32. Adecuación temática do posto de traballo segundo a rama de coñecemento .....	21
Figura 33. Relación entre o traballo e o nivel académico adquirido na UVigo.....	22
Figura 34. Relación entre o traballo e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a rama de coñecemento.....	22
Figura 35. Nivel de satisfacción global cos estudos de mestrado realizados .....	23
Figura 36. Satisfacción cos estudos de mestrado realizados segundo a rama de coñecemento .....	23
Figura 37. Recomendaría os estudos de mestrado realizados na UVigo.....	24
Figura 38. Recomendaría os estudos de mestrado segundo a rama de coñecemento.....	24



**Consello Social**  
*Universidade de Vigo*

[observatorio.uvigo.gal](http://observatorio.uvigo.gal)